

Infinitivo conxugado

Notas:

Sería conveniente que á hora de contrastar as respostas foses consultando os casos na túa gramática.

No caso de non poder conxugarse por formar parte dunha perífrase, aproveito para indicar o seu tipo, pero ti, se non cho piden, non o fas. Eu esténdome por mor das explicacións, ti contesta de forma breve (pero completa)

Recorda: hai casos en que é obrigado usar a forma conxugada para deixar claro quen é o suxeito do infinitivo e evitar así a ambigüidade sobre quen realiza a acción.

p.ex: *o profesor castigounos por falarmos/ falares/ falarmos/falardes/falaren tan alto.*

Noutros casos, aínda tendo o mesmo suxeito ca o verbo principal, conxúgase por tradición, coma nos casos en que vai precedido de preposición: *con facerdes iso non arranxades nada.*

1.-Infinitivo conxugado. Úsao cando sexa necesario e xustifícao. (XUSTIFÍCAO!)

1. Por **correres** (SUX: ti) demasiado, puxéronche (SUX: eles/ elas) unha multa.

Ademais de ter distinto SUX ca o verbo da oración principal, vai precedido de preposición (é unha oración causal).

2. Empezaron a **coller** todo o que atopaban.

Forma parte dunha perífrase verbal (aspectual incoativa).

3. Deberías **aclarar** esta situación.

Forma parte dunha perífrase verbal (modal de obriga).

4. Ao **chegardes** (SUX: vós) á estación, preguntade (SUX: vós) por min.

5. De **facermos** (SUX: nós) o que nos dixo, non teriamos (SUX: nós) problema.

6. Estamos pensando en facer o traballo xuntas.

O infinitivo non se conxuga porque vai con un verbo que rexe (esixe) preposición.

(Repara en que isto sucede porque xa queda claro quen é o SUX de pensar, indicado no morfema de nº persoa do verbo conxugado **(nós) estamos pensando** en facer.

Fíxate en que nesta oración o verbo pensar forma parte, á súa vez dunha perífrase (aspectual imperfectiva)

Aclaración: o verbo pensar neste caso rexe preposición (pensar en...), aínda que non a esixe sempre (*cando saía da casa penso nadar canto queira! / só penso en nadar*).

Outros verbos esíxena sempre: acordarse de, acostumarse a, arrepentirse de, atreverse a, comprometerse a/ con, dedicarse a...)

7. **Comer** e **rañar** todo é empezar.

Verbos con valor impersoal. (Non teñen SUX, así que non se poden conxugar)

8. **Cantar** sempre me alegra o día.

Verbo con valor impersonal

9. Eses deben **ser** os pais de Lois.

Forma parte dunha perífrase verbal (modal de hipótese)

10. Ás mulleres en Arabia estáballes prohibido **conducir**.

Infinitivo con valor impersonal: conducir (SUX) está prohibido (atributo)

11. Casou (SUX: el, ela) con el sen o **saber**en os pais. (SUX: os pais)

Ter distinto SUX cá o verbo da oración principal.

12. De **viren** eles, (SUX: eles, elas) cearemos(SUX: nós) no salón.

Ademais de ter distinto SUX ca o verbo da oración principal, vai precedido de preposición (é unha oración condicional, equivalente a *se veñen eles...*).

13. Sentinvos **chegar** ás tres.

Infinitivo rexido polo verbo sentir (“oír”), que é un verbo perceptivo ou de sentido.

(Recorda que cando o infinitivo vai rexido por un verbo, non cómpre conxugalo porque o SUX do infinitivo xa queda indicado no morfema de nº e persoa do verbo conxugado (eu) sentinvos (a vós) chegar(entón **vós** sodes quen chegou).

14. Volvemos **fac**er o mesmo.

Forma parte dunha perífrase verbal (aspectual reiterativa)

15. A **xantar**!

Ten valor imperativo.

16. Ignoraban(SUX: eles, elas) onde estaban os límites e iso foi un tremendo obstáculo: non **coñecer**en (SUX: eles, elas) a delimitación do terreo.

Aínda que ten o mesmo SUX ca o verbo da oración principal e non vai precedido de preposición, debe conxugarse porque ese SUX está a unha distancia que dificulta recordar cal é.

17. Chegamos (SUX: nós) no momento de **entrar**des (SUX: vós) vós correndo.

Ademais de ter distinto SUX ca o verbo da oración principal, vai precedido de preposición.

2.- Corrixeas formas verbais que estean mal conxugadas

NOTA: os erros están sobre todo nos **verbos con alternancia vocálica**. Non esquezas que ese fenómeno **afecta** só **no presente de indicativo**, non **NON** no **presente de subxuntivo** nin **imperativo**

*Fas mal cando **sacodes** a alfombra pola fiestra. Acudo correndo, non como **acodes** ti. **Cómpre** chuvia para a terra. Cantos anos cumpres? **Cómpren** máis folgos. Por que **cospes** arreo? **Dormes** sen parar, non hai que **durmir** tanto. Os presos **foxen**, que fuxan. Veña, **fuxe** dunha vez! **Loce** o sol, mesmo **reloce**; xa lucía onte. Non se sabe se **sobe** ou*

baixa, ti sobes? Anda, sube axiña. Sofres, amor? Que maneira de tusir, como tose! Tuse (imperativo) tres veces seguidas, veña! Xa xorde a toupa pola toupeira da horta. Segues mal? Que sentes? Non creo que o sinta. Ti, sigue (imperativo) dereito; séguesme? Non serves para nada, el tampouco serve de moito. Non creo que mintan, ti mentes? Peditullo á veciña. Vístese e íspese en pouco tempo. Non vos serviu de nada.

3.- xuño 2013. Opción A. Pregunta 4

Recorda que, ademais do valor, debes indicar sempre o tempo e o modo verbal.

- Escoitei: pretérito de indicativo co valor de tempo pasado, anterior ao momento da fala.
- Iredes: futuro de indicativo co valor de posterioridade ao momento da fala.
- Aprenden: presente de indicativo co valor de atemporal.
- Estaban: copretérito /pretérito imperfecto de indicativo co valor de acción simultánea a unha acción pasada.
- Partiría: pospretérito/condicional co valor de posterioridade a unha acción pasada.

4.-setembro 2014. Opción A. Pregunta 4 (

Esta pregunta está posta por erro. Debía ser a 5 (perífrases verbais). Queda para outra ocasión.

- Que (l.1). Pronome relativo. Introduce unha oración subordinada adxectiva ou de relativo especificativa.
- Que (l.6). Pronome interrogativo. Introduce unha subordinada substantiva interrogativa indirecta (CD)
- Que (l. 8). Conxunción subordinante. Introduce unha oración subordinada substantiva (de CD).
- Porque (l. 12). Conxunción causal. Introduce unha oración subordinada adverbial causal.
- Aínda que (l.16). conxunción subordinante concesiva. Introduce unha oración subordinada concesiva.

5.- setembro 2017. Opción A. Pregunta 4

A forma verbal *sobes* é dun verbo con alternancia vocálica. Esta irregularidade afecta ao presente de indicativo, tempo no que alternan as vogais da raíz da seguinte maneira: *subo, sobes, sobe, subimos, subides, soben* (tendo o un timbre aberto).

Se o pai de Vanesa empregase o imperativo debería empregar a forma *sube*.

